

Escola Superior de  
Enxeñaría Informática

# Informe final

2017-2018



Plan de Acción Tutorial

## **Táboa de contidos**

Presentación.....	3
Cumprimento da planificación e seguimento do PAT.....	3
Fichas de seguimento.....	6
Cuestionarios de satisfacción.....	7
Avaliación dos indicadores.....	11
Consecución dos obxectivos.....	12
Melloras a introducir para o curso 2018-2019.....	14

## Presentación

O informe final do PAT é o instrumento fundamental para a avaliación e posterior mellora do mesmo.

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto).
- A idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Enténdese, polo tanto, que a avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar produtos, avalía o proceso permitindo introducir melloras de forma continua e contribuír finalmente á mellora da calidade e da excelencia da educación. De acordo a isto establécese o seguinte tipo de avaliación: **Avaliación procesual, formativa e criterial.**

Neste documento se presenta a valoración global das accións realizadas. Se analiza o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

## Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

Nas seguintes fichas reflíctense os datos facilitados polos/as titores/as participantes no PAT.

Ficha para a Avaliación do PAT					
Grao de Cumprimento do PAT respecto ao Planificado					
Bloque O: Organización					
Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Sesión de Organización- Presentación			x	Desenvolveuse con total normalidade.	7 profesores/as
Reunión Alumnado- Profesorado Titor		x		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións. Nos outros,	71

				desenvolvéronse con normalidade, cubrindo as fichas correspondentes.	
Asesoramento Seguimento Continuo		x		Desenvolvéronse con normalidade con todo o alumnado que o solicitou.	15
Análise-Avaliación Parcial do PAT			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos/as titores/as e a coordinadora do PAT.	1 coordinadora 7 titores
Análise-Avaliación Final do PAT			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación dos/as titores/as e a coordinadora do PAT. Os cuestionarios de satisfacción do alumnado foron solicitados via correo electrónico ou en persoa..	1 coordinadora 7 titores
<b>Bloque 1: Acollida</b>					
Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Sesión Informativa			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos os implicados	123
<b>Bloque 2: Planificación</b>					
Actividade	(Marcar cunha X)			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Reunión Grupal		x		Nalgúns grupos non asistiron alumnos/as ás reunións.	55
Toma de Decisións Que facer ao finalizar o curso?		x		Escasa participación do alumnado	21

Bloque 3					
Actividade	<i>(Marcar cunha X)</i>			Xustificación	Nº de Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
Atención á Diversidade	x			Non se detectaron necesidades específicas de apoio educativo	0
Conclusións					
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Algúns grupos asistiron a todas as reunións, e a asistencia foi escasa noutros.</li> <li>• Non se detectaron necesidades especiais de apoio educativo a través do PAT. Isto é debido, en parte, e como en anos anteriores, a que o alumnado con algunha diversidade funcional ou necesidade especial xa ten asignado profesorado titor específico, e conta con asesoramento do Gabinete Psicopedagóxico do Campus, que se encarga tamén de elaborar plans de estudo individuais.</li> </ul>					

O PAT está orientado e planificado para o alumnado de primeiro curso do Grao en Enxeñaría Informática, distribuídos en varios grupos, supervisados polos/as tutores/as, así coma para os/as alumnos/as extranxeiros/as, supervisados/as por un/ha único/a titor/a, que é o/a encargado/a de facilitarles a súa estadía no Centro.

Ficha para a Avaliación do PAT				
Análise Final de Seguimento (media) dos implicados				
Ítem	<i>(Marca cunha X)</i>			Xustificación
	Empeorou	Mantívose	Mellorou	
Asistencia media do alumnado ás sesións de organización: 6.1			x	O alumnado amosou escaso interese polo PAT, pero foi superior á do ano anterior
Asistencia media do alumnado ás sesións de acollida: 123		x		Todo o alumnado asistiu
Asistencia media do alumnado ás sesións de planificación: 5.4			x	Non houbo problemáticas que resolver
Asistencia media do alumnado ás sesións do PAT: 5.75			x	O número medio de asistentes subiu con respecto ano ano anterior, houbo grupos nos que nunca asistiron estudantes a ningunha reunión.
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O PAT non resulta de interese para todo o alumnado, unha vez que este está integrado no Centro.</li> <li>• Aínda que nalgúns grupos a asistencia foise reducindo co paso do curso académico, houbo grupos onde o estudantado mantivo o contacto con profesorado titor ata o</li> </ul>				

final do curso.

- Como en anos anteriores, parece que os/as estudantes solucionan os pequenos problemas ou dúbidas que teñen falando directamente co profesorado o titor ou coa coordinadora, ben de forma persoal, ben empregando medios electrónicos.

## Fichas de seguimento

As fichas de seguimento foron cubertas polos/as coordinadora/titores/as en cada reunión realizada e nelas se reflicten as dificultades e problemas detectados no desenvolvemento do curso académico.

### Análise xeral das fichas de seguimento

- Non se atoparon problemas importantes.
- Detectáronse problemas coa información proporcionada na Secretaría do Centro en relación coas xornadas de acollida para o alumnado do PCEO.
- A información publicada na Web do Centro sobre o PCEO considerouse insuficiente, e non está colgado o horario do alumnado que cursa o dobre grao.

### Dificultades, queixas, suxerencias e problemas detectados

#### De carácter xeral

- o Non se atoparon.

#### Relacionados co proceso de ensino/aprendizaxe das materias

- o Problemas relacionados coa impartición dalgunha materia.
- o A baixa durante unha semana do profesorado de Fundamentos Matemáticos para a Informática, unido ás dificultades derivadas da vaga de incendios e apagóns eléctricos, así coma o xeito de recuperar as horas perdidas, dificultaron o seguimento desta materia.
- o Na materia de Programación I, as incidencias estiveron relacionadas co solapamento do horario de parte das titorías dalgún profesor. Déuselle ao alumnado a opción de ir no horario no que non solapaba, dado que o profesor tiña docencia noutros horarios, tanto para preguntar dúbidas coma para revisar actividades avaliadas.
- o Tamén na materia de Programación I xurdiu algún problema co tempo do que dispoñía o alumnado para facer as probas. Cabe dicir que esta materia é, coma en anos anteriores, algunha das que a aprendizaxe require máis esforzo.
- o Na materia de Sistema Dixitais, o alumnado considerou unha boa opción que o profesor de grupos reducidos asistira tamén ao grupo grande.

- o O alumnado do PCEO ten dificultades no seguimento e aprendizaxe da materia de Estatística, dado que é unha materia de segundo curso que eles deben cursar en primeiro.
- o Este alumnado indica tamén que a organización do seu plan de estudos é mellorable, e ademáis consideran que debe mellorarse a organización coa FCETOU.

#### Do propio PAT

- Pouca asistencia ao PAT.
- Non se solicitaron reunións por parte do alumnado en ningún cuatrimestre.

## Cuestionarios de satisfacción

Os cuestionarios de satisfacción foron cubertos polo alumnado. A continuación amósanse os resultados obtidos en cada unha das cuestións.

### 1. Valora a documentación e a información previa ofrecida do PAT

<i>Moi Mala</i>	
<i>Mala</i>	9.5%
<i>Boa</i>	90.5%

### 2. A valoración que che merece a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT é:

<i>Moi Mala</i>	
<i>Mala</i>	4.8%
<i>Boa</i>	76.2%
<i>Moi Boa</i>	19.0%

### 3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

<i>Nada</i>	
<i>Pouco</i>	19.0%
<i>Bastante</i>	62.0%
<i>Moito</i>	19.0%

### 4. Valora o grao de utilidade do PAT.

<i>Nada</i>	
<i>Pouco</i>	23.8%
<i>Bastante</i>	62.0%
<i>Moito</i>	14.2%

5. Resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

<i>Si</i>	<i>x</i>
<i>Non</i>	<i>x</i>
<p><i>¿Por qué?</i></p> <p><b>SÍ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resólvense as dudas satisfactoriamente e se recollen as queixas.</li> <li>- Para algunos asuntos personales sí.</li> <li>- Pola información que recibo nestas reunións.</li> <li>- Toda información que se sume al conocimiento individual es favorable.</li> <li>- Para a axuda en cuestións sobre a formación ou as distintas opcións da carreira.</li> <li>- Si, resulta útil en diversos aspectos.</li> <li>- Porque se relaciona moito coa realidade.</li> <li>- Porque nos habla de la vida en la universidad y como ingeniero informático de cara al futuro.</li> <li>- Hay una gran diferencia entre el instituto y la universidad y estas llamadas de atención vienen bien para centrarse.</li> <li>- Motivación e métodos de estudo.</li> <li>- Permite resolver dúbidas ou problemas que se presenten ao longo da carreira, e tamén como fonte de información e consello.</li> </ul> <p><b>NON</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pouca aportación en xeral</li> </ul>	

6. Consideras que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?.

<i>Si</i>	<i>x</i>
<i>Non</i>	<i>x</i>
<p><i>¿Por qué?</i></p> <p><b>SÍ</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Non interrompen as clases.</li> <li>- Non tuven ningún problema para asistir.</li> <li>- Me sentía cómodo al organizar los tiempos de estudio.</li> <li>- Foron despois de rematar exames ou onde non había exames.</li> <li>- Si, sempre foron establecidas en datas perfectamente adecuadas.</li> <li>- Generalmente no coincidieron con exámenes y fueron ubicadas en momentos clave del curso.</li> <li>- Están ben establecidas ao estar ben situadas ao comezo e ao final xa que son claves.</li> <li>- Non coinciden con eventos de importancia como exames, e os horarios non presentan problema.</li> </ul> <p><b>NON</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- El horario es un poco malo, al organizar los horarios.</li> <li>- Excepto en época de exámenes.</li> <li>- No segundo cuatrimestre non houbo ningunha reunión.</li> <li>- El PAT debería acompañar al estudiante a lo largo del curso y no ser reuniones de feedback.</li> <li>- Debería haber máis reunións no segundo cuatrimestre.</li> <li>- Porque está bien tener las reuniones tanto al principio como al final.</li> <li>- Eché en falta una reunión durante el segundo cuatrimestre.</li> </ul>	



7. Consideras axeitada a metodoloxía empregada?.

<i>Si</i>	<i>x</i>
<i>Non</i>	<i>x</i>
<p><i>¿Por qué?</i></p> <p><b>Sí</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Sí, porque en mi opinión fue correcta y adecuada.</i></li> <li>- <i>É axeitado porque é unha metodoloxía que achegas aos alumnos ao titor.</i></li> <li>- <i>Es más personal hablar con comentarios y da soltura.</i></li> <li>- <i>Non lle vexo fallos ao sistema establecido.</i></li> </ul> <p><b>NON</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Me parece que se podría orientar un poco más a darle al alumno herramientas de gestión de tiempo o inteligencia emocional y que son necesarios por el cambio de institución.</i></li> </ul>	

8. Consideras axeitado o sistema de seguimento?.

<i>Si</i>	<i>x</i>
<i>Non</i>	<i>x</i>
<p><b>Sí</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Moi útil para situarse e ver os propios progresos.</i></li> <li>- <i>Sí, porque foi razonable e ben levado a cabo.</i></li> <li>- <i>Porque o titor é qaccesible en calquera momento.</i></li> <li>- <i>El que sea abierto da espacio a los alumnos que le interese a inmiscuirse o no, ya que si se obliga no se disfrutaría tanto.</i></li> <li>- <i>Si, sen demasiada presión, paréceme axeitado.</i></li> <li>- <i>Non presenta problemas ou falta de seguimento ao alumno.</i></li> </ul> <p><b>NON</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Debería de haber más seguimiento.</i></li> <li>- <i>Ao principio bastante ben, pero logo foi como se non existisemos, non houbo reunións no segundo cuadrimestre.</i></li> <li>- <i>Solo 2 reunións en todo o curso.</i></li> <li>- <i>El seguimiento podría ser mucho más constante y cercano.</i></li> <li>- <i>Lo poco que hemos tenido ha sido bueno. El problema es que ha sido poco.</i></li> <li>- <i>No hay sistem de seguimiento, solo comentarios.</i></li> </ul>	

10. Valora a actuación de teu titor nos distintos aspectos:

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>		9.5%	62.0%	28.5%
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>		9.5%	57.2%	33.3%
<i>Claridade da exposición.</i>		4.8%	52.4%	47.8%
<i>Atención persoal aos alumnos</i>		4.8%	33.2%	62.0%
<i>Aclaración de dúbidas</i>			38.0%	62.0%

*11. Que eliminarías do PAT?*

- Nada.
- Actualmente creo que todo es necesario.
- En otras carreras el tutor son alumnos del máster, y el que sea un alumno hace que sea más fácil abrirse, y más cercano.

*11. Que engadirías?*

- Máis reunións durante o curso.
- Algunha charla persoal.
- Máis reunións, máis explicacións e quizais actividades.
- Tamén un pouco máis de orientación.
- Máis reunións informativas sobre profesores, asignaturas e a carreira en xeral.
- Algunha charla sobre empresas de prácticas.
- Reuniones más constantes, por exemplo mensuales, de modo que si surge un problema la respuesta sea inmediata.

*13. En que grao a titulación Grao en Enxeñaría Informática responde ás túas expectativas?*

<i>Nada</i>	4.8%
<i>Pouco</i>	14.3%
<i>Bastante</i>	28.5%
<i>Moito</i>	52.4%

### Conclusiones

- Os/as estudantes que participaron no PAT valoran, na súa maioría, este Plan de xeito positivo.
- O profesorado titor está ben valorado polo alumnado.
- O alumnado que asiste ao PAT require máis reunións de seguimento.
- A titulación respondeu, en xeral, ás expectativas iniciais do estudantado, dado que unha porcentaxe superior ao 80% manifesta que a titulación respondeu bastante ou moito ás súas expectativas iniciais.

## Avaliación dos indicadores

Ficha para a Avaliación do PAT				
Avaliación dos Indicadores				
Indicador	(Marca cunha X)			Xustificación
	Empeorou	Mantívose	Mellorou	
Alumnado matriculado de novo Ingreso: 123		x	-	O anterior curso foi de 123. Aínda que se seguen a cubrir máis prazas das ofertadas, hai unha diminución notoria con respecto a hai dous anos (131 estudantes).
Alumnado matriculado total no centro: 612		x	-	O anterior curso foi de 603, moi similar.
Egresados/as (2016-2017): 64			x	O curso 2015-2016 foi de 73.
Taxa de Graduación (2016-2017): 29%	-	-	-	O curso anterior foi de 38.20. É claramente mellorable.
Taxa de Abandono (2016-2017): Non dispoñible			x	O ano anterior foi de 24.74. É necesario reducila aínda máis.
Taxa de Eficiencia (2016-2017): 78%	x	-	-	O curso anterior foi de 83.00%. Aínda que este ano baixou un pouco, é elevada nos dous casos.
Nº de Alumnos/as Enviados/as en Programas de Mobilidade: 11	x			O ano anterior foron 14.
Nº de Alumnos/as Recibidos/as en Programas de Mobilidade: 0			x	O ano anterior foron 3.
Taxa de Inserción Laboral: non dispoñible	-	-	-	Datos non dispoñibles
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• En termos xerais, os datos mantivéronse en relación co ano anterior.</li> <li>• O máis relevante é a baixa taxa de graduación, aspecto que deberá ser revisado nun futuro cercano para atopar unha solución a este problema.</li> </ul>				

## Consecución dos obxectivos

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Xerais				
Obxectivo	(Marca cunha X)			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola universidade.		x		Escaso interese do alumnado unha vez está integrado no Centro
Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor-titor.			x	
Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.		x		Escaso interese do alumnado.
Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....			x	Está ben valorado.
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo.			x	Non houbo problemas de traballo en grupo. Como todos os anos, organizouse tamén un taller para cubrir esta necesidade para o alumnado de 1º curso.
Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para lograr progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo.			x	O profesorado está ben valorada; o alumnado considera a súa función importante dentro do PAT,
Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.		x		Ben valorado por parte do alumnado asistente, mellorable se aumenta a asistencia.
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Unha alta porcentaxe do alumnado que participou na enquisa final valora o PAT de forma positiva.</li> <li>• O alumnado solicita a existencia de reunións no segundo cuadrimestre.</li> </ul>				

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivos Específicos				
Obxectivo	(Marca cunha X)			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Mellorar a implicación dos/as estudantes na Xestión do Centro.	x			Nas eleccións de representantes de alumnado non se incorporou alumnado, e de feito, quedaron prazas vacantes.
Mellorar a satisfacción dos/as estudantes coa formación recibida.			x	En xeral, o alumnado está satisfeito.
Reducir a taxa de abandono.			-	Non hai datos sobre esta taxa no curso 2016-2017.
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo do alumnado.			x	Séguese a impartir talleres de traballo en grupo, e ademais cóntase coa inestimable axuda do Gabinete Psicopedagóxico do Campus de Ourense, para axudar aqueles casos de alumnado con necesidades especiais.
Fomentar a inserción laboral do alumnado	-	-	-	Non dispoñible
Aumentar a taxa de graduación	x			É necesario atopar unha solución para obter unha taxa superior, dado que o seu valor é baixo.
Aumentar a taxa de eficiencia			x	É moi elevada, aínda que baixou un pouco con respecto ao ano anterior, pódese considerar como obxectivo logrado.
Conclusións				
<ul style="list-style-type: none"> <li>Cumpríronse os obxectivos.</li> <li>Coma en anos anteriores, non coñecemos os datos da taxa de inserción laboral, pero seguimos a ter unha alta empregabilidade para o alumnado do Grao en Enxeñaría Informática.</li> </ul>				

## Melloras a introducir para o curso 2018-2019

- Unha mellora pendente é a inclusión de alumnado de cursos superiores como apoio ao estudantado. Esta mellora quedou pendente por motivos organizativos do Centro. Proponse novamente como mellora, pero tratarase de solicitar á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, cursos de formación en mentorización para o alumnado de cursos superiores que voluntariamente desexe participar, de xeito que teña unha mellor formación nas tarefas de titorización de alumnado de novo ingreso.
- En anos anteriores suprimíronse as reunións do segundo cuadrimestre, dado que o alumnado non asistía. Sen embargo, o alumnado que asistiu ao PAT este ano demanda máis reunións neste cuadrimestre. Nesta liña, propóñense tres melloras:
  - Planificar algunha reunión neste cuadrimestre para o vindeiro curso, organizada polo alumnado mentor.
  - Enviar, por parte do profesorado titor, mensaxes mensuales de correo electrónico ao alumnado, recordando a dispoñibilidade do/a titor/a durante todo o cuadrimestre, en caso de que se presenten dúbidas ou dificultades.
  - Organizar algunha reunión, por parte da coordinadora, ao principio e/ou final do segundo cuadrimestre, con todo o alumnado, coma unha vía máis de detección de problemas ou necesidades.
- Aínda que non é unha mellora en si mesma do PAT, dados os problemas atopados polo alumnado do PCEO, proponse solicitar ao Centro unha mellora do espazo Web adicado ao PCEO, co fin de ter información máis clara e completa para o alumnado que cursa o dobre Grao.
- Substituír o documento compartido de Google Drive, onde o profesorado titor reflicte as posibles incidencias, por comunicación directa coa coordinadora, co fin de axilizar as respostas ou solucións ás devanditas incidencias.